

# A Xornada da Terra de Miranda busca ideas para fortalecer o rural

► Os poñentes defenderon que tanto a cidadanía coma as administracións deben implicarse de xeito activo para que as aldeas non esmorezan

Meira

C.P.R.

MIRA. A segunda mesa redonda sobre educación da II Xornada da Terra de Miranda serviu para constatar a necesidade de implicarse activamente e poñer sobre a mesa proxectos e propostas para conseguir fortalecer o medio rural e frear así o camiño cara ao esmorecemento que están a seguir moitas aldeas non só deste territorio, senón de toda Galicia.

Docentes dos centros educativos deron a coñecer os plans de traballo que se desenvolven nos seus colexios e institutos, nos que o contacto e a valorización do contorno son eixos fundamentais.

«Un neno da Pontenova non pode dicir que as patacas veñen do supermercado», asegurou David Jorge García, director do Ceip da Pontenova, para exemplificar a importancia de «traballar na contorna», un dos piares do seu proxecto docente xunto á aposta

polos novas tecnoloxías —foron dos primeiros en ter aula informática, conseguindo ordenadores de segunda man doados polo Estado que eles mesmos foron buscar a Madrid— ou o plurilingüismo.

A directora do IES Fonmiñá da Pastoriza, Maribel Valiela, incidiu na importancia de implicarse para lograr un obxectivo e puxo como exemplo a campaña 'Sen estudos non hai futuro, sen transporte non hai estudo', posta en marcha desde o centro para conseguir transporte público. Entre outras iniciativas, os propios alumnos reuníronse co alcalde para formularlle as súas demandas, acandando unha liña de axudas con este fin.

Valiela incidiu na idea de que «se queremos cambios, temos que loitar por eles» e precisou que no centro traballan na iniciativa 'O mundo que queremos', onde se abordan cuestións coma o consumo responsable ou o labor do asociacionismo.

Iván López e Mari Luz Iglesias,



Mesa redonda sobre educación. C. PÉREZ

director e xefa de estudos do Ceip Avelino Díaz de Meira, tamén deron a coñecer o traballo do centro, no que, a través da Escola de Nais e Pais ou da biblioteca escolar, se fomenta a relación coa comunidade educativa e co pobo. «Hai que coñecer o rural manchándose e hai familia que non queren que os seus fillos se manchen», lamentou Iglesias, incidindo en que existe un descoñecemento das posibilidades que este ofrece, ademais de estar «moi pouco posto en valor na sociedade».

Destas e outras reivindicacións tomaron nota os rexedores de Meira, Antonio de Dios, e de Riotorto, Clemente Iglesias, que presidiron a inauguración oficial da II Xornada da Terra de Miranda xunto a Mariló Candedo, presidenta da Nova Escola Galega, que organiza este seminario xunto á asocia-

ción de veciños de Santa Marta de Órtea e ao colectivo Avelino Díaz.

Candedo agradeceu a «boa resposta» a esta convocatoria, que se enmarca nos Encontros de debate sobre o Medio Rural, e a «visión proactiva» ofrecida nos debates, «porque hai que vir chorados da casa e poñer sobre a mesa ideas», coma as que se queren fomentar cun plan integral para o rural.

No resto da xornada, o profesor Xulio Pardo de Neyra presentou un libro sobre a Terra de Miranda (orixinariamente, comprende A Pontenova, Riotorto e as parroquias de Vilaformán e Vilapena de Trabada) e o gandeiro Quico Ónega ofreceu razóns para quedar no rural. Tamén se presentou a Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural, percorreuse o roteiro Regos e Fontes de Riotorto e proxectouse 'Dhogs'.